

ANEXO

Provincia: A Coruña.
 Concello: A Coruña.
 Localidade: A Coruña.
 Enderezo: rúa José María Hernansaez, s/n.
 Denominación: escola de educación infantil Castillón.
 Titular: Concello da Coruña.
 Código do centro: 15032455.
 Ensinanzas que se autorizan: 3 unidades de educación infantil para 25 alumnos/unidade.

Provincia: A Coruña.
 Concello: A Coruña.
 Localidade: A Coruña.
 Enderezo: rúa Palavea, s/n.
 Denominación: escola de educación infantil Os Cati-vos.
 Titular: Concello da Coruña.
 Código do centro: 15032467.
 Ensinanzas que se autorizan: 3 unidades de educación infantil para 25 alumnos/unidade.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 30 de decembro de 2004 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2005.

O Regulamento (CE) 797/2004, do consello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura e o Regulamento (CE) 917/2004, da comisión, do 29 de abril, que establece disposicións de aplicación do anterior, consideran o cofinanciamento comunitario das accións previstas nos programas anuais de medidas de axuda á apicultura presentados polos estados membros.

En España o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, modificado polo R.D. 209/2000, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, establece un réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.

O programa nacional español para o ano 2005, elaborado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación mailas comunidades autónomas en estreita colaboración coas organizacións representativas e as cooperativas do sector apícola, foi aprobado pola Comisión Europea na Decisión do 25 de agosto de 2004.

No marco do dito Programa Nacional Anual establece un réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización do mel, no cal a participación financeira corresponde ata un 50% ao financiamento comunitario, ata un 25% corresponde

ao financiamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a restante porcentaxe á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Como no artigo 4 do Regulamento (CE) 797/2004, do consello, establécese que os gastos dos estados membros deberán efectuarse a máis tardar o 15 de outubro, data na que deben ter presentados os xustificantes de gasto por parte do Estado membro da UE, cómpre que os gastos correspondentes ás accións realizadas se xustifiquen perante a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural no prazo fixado na resolución de concesión da axuda sen que en ningún caso poida exceder do 1 de setembro de 2005.

Finalmente, na Orde de 11 de febreiro de 1998, régulase a tramitación anticipada de expedientes de pagamento, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde de 25 de outubro de 2001.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto establecer un réxime de axudas para o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización do mel, conforme as normas contidas nesta orde garantindo os preceptos de igualdade, concorrència e publicidade.

Artigo 2º.-Finalidade das axudas.

Poderán ser obxecto das axudas, consonte coa normativa comunitaria, aquelas actividades ou investimentos que estean inexcusablemente ligados a un programa sanitario encamiñados a:

a) Prestar información e asistencia técnica: formación de apicultores (cursos iniciación e especialización, detección de enfermidades, control e prevención, deseño de plans sanitarios e redes de alerta epizootiolóxica), formación de persoal de centros de envasado e laboratorios de organizacións apícolas, técnicas apícolas, asesoramento técnico veterinario, divulgación.

b) Loita contra a varroose: asociación de defensa sanitaria, custos de tratamentos químicos, métodos de loita biolóxica, mellora das condicións de tratamento das colmeas.

c) Racionalizar a transhumancia: identificación das colmeas e dos marcos, investimentos en equipamentos (manipulación e transporte), divulgación de boas prácticas de transhumancia, implantación dunha rede de alerta sanitaria, acondicionamento de espazos, seguro de danos e responsabilidade civil.

d) Establecer medidas de apoio para a análise do mel: creación de laboratorios de organizacións apícolas e apoio a estes, investimentos en equipamentos

de laboratorio, funcionamento de laboratorios, contrato de servizos de análise por organizacións apícolas, bolsas de formación.

e) Apoio á repoboación das abellas: cría de raíñas autóctonas para a renovación do censo.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán optar ás medidas da axuda prevista no artigo 2º aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas. Será requisito para a obtención das axudas estar inscrito no rexistro oficial apícola da comunidade autónoma, polo menos con anterioridade ao primeiro de xaneiro do ano 2004. Será preciso presentar a solicitude e documentación correspondente segundo a seguinte relación:

1. As persoas físicas (apicultores) que realicen transhumancia integrados ou non nunha asociación ou organización de apicultores presentarán solicitudes individuais, achegando a solicitude coa seguinte documentación:

a) No caso de representación exixírase autorización para facer a solicitude nos termos exixidos no artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Xustificación da titularidade da explotación apícola (certificación do rexistro da explotación apícola).

c) Código de identificación fiscal e certificado da conta bancaria.

d) Xustificación da identificación das colmeas (declaración xurada e modo de identificación) e número de colmeas.

e) Fotocopia compulsada do libro de rexistro.

f) Programa de actuación que pretende desenvolver (memoria onde figuren os datos do apicultor, número de colmeas, descrición das obras ou investimentos e finalidade delas para a mobilidade das colmeas, facturas pro forma dos investimentos).

g) Disponibilidade dos terreos en que pretenda facer os asentamentos das alvarizas, así como permisos ou licenzas das obras que pretenda realizar para a colocación das colmeas e/ou de adecuación ou mellora dos accesos.

h) Memoria explicativa da realización da transhumancia (bosquexo e situación dos lugares onde se pretende realizar a transhumancia).

i) Usos alternativos do remolque e tempo de utilización para a actividade transhumante, de ser o caso.

2. As persoas xurídicas (cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica de seu, integradas na súa maioría por api-

cultores que cumpran os requisitos establecidos no número 1), achegarán a solicitude coa seguinte documentación:

a) Certificación do órgano competente en que se especifique o acordo polo que se lle concede autorización para facer a solicitude ao asinante dela. Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indicárase así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia. De non ser así, deberá acreditarse a representación conforme o artigo 32 da Lei 30/1992.

b) Certificación do órgano competente en que se acredite o desempeño actual do cargo.

c) Acta de constitución da asociación ou organización.

d) Relación nominal de socios (en programa actualizado), con NIF e número de colmeas.

e) Fotocopia compulsada do libro de rexistro

f) Código de identificación fiscal e certificado da conta bancaria.

g) Programa actualizado que se pretende desenvolver.

h) Compromiso previo de execución e posterior xustificación do programa que abrangan como mínimo o 70% do territorio da comunidade autónoma.

i) Copia do contrato dos veterinarios responsables da execución do programa sanitario, polo menos un por provincia.

j) Declaración xurada de exclusividade dos veterinarios.

k) Xustificación de que a meirande parte dos veterinarios contratados posúen formación específica con diploma de validez oficial e/ou experiencia probada neste tipo de programas.

l) Xustificación do cumprimento do número 1) do artigo 3º.

m) Xustificación do recoñecemento do laboratorio de análise das características físico-químicas do mel, de ser o caso.

3) Ademais, e para as medidas de axuda previstas na letra d) do artigo 2º, os beneficiarios poderán ser tamén os laboratorios debidamente recoñecidos polos servizos competentes da Comunidade Autónoma que efectúen ou poidan efectuar análises das características físicoquímicas do mel.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes presentarse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou á algunha das entidades que integran a Administración local, se neste último caso se subscribiu o oportuno con-

venio segundo se determina no anexo II do Decreto 200/2003, do 20 de marzo ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo farase de acordo co regulamentariamente previsto, no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, presentándose en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar, se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

As solicitudes axustaranse aos modelos que figuran como anexos I (solicitudes individuais de persoas físicas que realicen transhumancia e repoboación das abellas) e II (xeral de persoas xurídicas ou laboratorios debidamente recoñecidos).

Artigo 5º.-Prazo de presentación.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 40 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Resolución e recurso administrativo.

Recibidas as solicitudes de axudas e a súa documentación, serán examinadas polos servizos técnicos, os que, se observan algunha deficiencia concederánlle ao solicitante un prazo de 10 días para emendalas consonte o artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999. Transcorrido este prazo sen que se producise a emenda o expediente terase por desistido da súa petición, logo da súa resolución.

Efectuadas as comprobacións e estudos pertinentes, será formulada a correspondente proposta de resolución pola Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria que conterà unha relación dos solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a contía, así como daqueles para os que se propón a denegación da subvención solicitada.

A dita proposición elevarase ao conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural a quen competere a súa resolución de concesión ou denegación da axuda no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo. Contra a dita resolución que esgota a vía administrativa poderán interpoñerse os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres

meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa; ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-Prazo de realización.

O prazo en que debe ser realizada a actividade axudada rematará o 1 de setembro do ano 2005.

Cando o beneficiario considere que non pode rematar o proxecto dentro do prazo sinalado, antes de rematar este poderá solicitar unha prórroga, expoñendo as razóns polas que non pode cumprir co devandito prazo, e presentando unha pequena memoria en que se especifique o grao de realización da actividade axudada.

O director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria ditará resolución pola que se aprobe ou denegue a prórroga solicitada; no caso de que sexa aprobada non poderá exceder dun mes a partir do remate do prazo establecido na resolución de concesión da axuda. O incumprimento do prazo de execución dará lugar á perda da axuda.

Artigo 8º.-Pagamento das axudas.

1. O pagamento tramitarase logo de xustificación da execución do proxecto no prazo sinalado, ou o que resultase como consecuencia da prórroga concedida, para tal efecto o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación por duplicado (orixinal e fotocopia):

a) Memoria sinxela de realización da actividade indicando datas de realización, número de asistentes e outros aspectos de interese, á que se xuntará documentación relacionada coa actividade, tal como programas, folletos, notas de prensa e outros.

b) Facturas por duplicado, orixinais ou fotocopias compulsadas, dos gastos realizados, xunto cunha relación delas cos importes agrupados polos conceptos que se describiron na memoria de solicitude. No caso de pagamento de salario, gratificacións, etc., deberá constar a retención correspondente polo IRPF e xustificación do seu ingreso na Facenda.

c) Declaración responsable en que se expresen as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para o mesmo fin por calquera organismo estatal, autonómico, local ou institucional.

d) Certificación expedida pola Consellería de Economía e Facenda acreditativa de que o beneficiario non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

e) Certificación, expedida polo órgano competente, acreditativa de que o beneficiario se encontra ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social.

O solicitante poderá acudir directamente á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e á Consellería de Economía e Facenda para solicitar a expedición dos certificados acreditativos de atoparse ao día das súas obrigas tributarias e de non ter pendentes de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, para presentalos xunto á solicitude de axuda ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a autorización que figura no anexo III, para os efectos de que a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural os poida solicitar por vía informática.

Non obstante quedarán exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas os beneficiarios das axudas que non superen un importe de 1.500 euros, segundo o previsto no artigo 41 un) do anteproxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005, condicionada a súa aprobación definitiva.

f) Se a actividade axudada correspondese á publicación en formato impreso, audiovisual ou multimedia de orixinais de material didáctico ou de divulgación sobre temas apícolas, dirixidos á formación en materia apícola, incluída a súa preparación e elaboración sempre que a súa finalidade sexa a distribución de balde entre o público, entregarse, ademais do establecido no parágrafo anterior, un exemplar orixinal ou unha copia equivalente do material realizado ou o 5% do número de exemplares editados no caso de que sexa impreso, cunha memoria que indique o seu destino e forma de distribución gratuita, xustificando a dita distribución.

2. A contía das axudas será satisfeita unha vez realizados os investimentos previstos en cada caso, tras a súa comprobación por parte dos servizos correspondentes da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

3. O incumprimento das obrigas asumidas polo beneficiario suporá a perda total ou parcial da axuda, así como a obriga de restituír as cantidades percibidas, sen perxuízo doutras responsabilidades en que puidesen incurrir os beneficiarios.

Artigo 9º.-Outras condicións.

En toda a documentación publicada relacionada coas actividades obxecto da axuda farase constar a frase «Esta actividade foi realizada cunha axuda económica da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e fondos FEOGA-Ga-

rantía da Unión Europea», cos correspondentes logotipos institucionais. Nos exemplares de distribución de balde farase constar impreso neles a frase «Exemplar de balde».

Artigo 10º.-Concorrenza con outras axudas.

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais e a alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 11º.-Inspección e control.

Os beneficiarios das axudas recollidas na presente orde están obrigados a lle facilitar todos os labores de inspección ao persoal técnico das distintas administracións que cofinancian o programa, achegando todos os datos que sobre o particular lles sexan solicitados.

O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural reserva para si a facultade de realzar as comprobacións, inspeccións e controis que considere oportunos, verificando o cumprimento da finalidade da axuda. Para tal fin, o beneficiario deberá comunicar por escrito, de ser o caso, as datas e horas de realización das actividades obxecto de axuda con prazo suficiente para poder efectuar as comprobacións que se consideren oportunas.

No suposto de que unha vez notificada a resolución de concesión houberse algunha variación no calendario, nos prazos de execución da actividade sinalados na memoria da solicitude, ou calquera outra modificación, será comunicada á Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria coa antelación suficiente para que poida realizar as comprobacións que considere necesarias, para efectos de aprobar ou denegar a devandita modificación.

Artigo 12º.-Financiamento.

As axudas establecidas nesta orde teñen o carácter de cofinanciadas polo FEOGA-Garantía da UE ata un 50%, o MAPA ata un 25% e a restante porcentaxe a Comunidade Autónoma, en virtude do Regulamento (CE) 797/2004, do consello, e o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.

A contía das axudas, por importe máximo de 480.810 euros, será financiada con cargo aos créditos do Plan Apícola Galego, na aplicación orzamentaria 09.03.613-A.770.2 do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, quedando a adxudicación condicionada á aprobación da Lei de orzamentos xerais da Comu-

nidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, de acordo co artigo 5º da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

A concesión da axuda estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

O reparto por liñas de actuación será o seguinte:

Liña de información e asistencia técnica: 160.278 euros.

Liña de loita contra a varroose: 160.278 euros.

Liña de racionalización da transhumancia: 60.102 euros.

Liña de medidas de apoio para a análise do mel: 90.152 euros.

Liña de apoio á repoboación das abellas: 10.000 euros.

Artigo 13º.-Adxudicación das axudas

A adxudicación da contía das axudas realizarase de acordo co programa de mellora da produción e comercialización do mel presentado por España de conformidade co Regulamento (CE) nº 797/2004 do consello, onde se establecen as contías en función das medidas de actuación obxecto da axuda estando recollidas no artigo 2º desta orde (información e asistencia técnica, loita contra a varroose, racionalización da transhumancia, análise do mel e apoio á repoboación das abellas.

Polo tanto, as axudas á apicultura deben contribuír á mellora das condicións de traballo e produción polo que dentro dos investimentos que poden obter estas considéranse os seguintes criterios de selección dos proxectos:

a) Programas de actuación xa iniciados, subceptibles de mellora e dirixidos á modernización das explotacións.

b) Execución de proxectos dirixidos ao fomento e conservación da natureza, así como de mellora do ambiente.

c) Proxectos baseados no aumento da capacidade e competencia profesional dos apicultores, así como a súa reconversión.

d) O emprego de métodos de produción compatibles coa conservación e mellora da natureza.

Quedarán excluídos todos aqueles proxectos de investimento que no programa de actuación non cumpran polo menos un dos criterios anteriormente indicados.

Artigo 14º.-Xestión orzamentaria.

Conforme o especificado no parágrafo terceiro do artigo 22.1º da Lei xeral de subvencións, dentro da contía dispoñible para cada liña de actuación procederase a repartición entre os proxectos seleccionados aplicando a mesma porcentaxe de subvención ao importe debidamente xustificado dos investimentos realizados e tendo en conta os seguintes aspectos que determinarán incremento da citada porcentaxe:

1. Nun 10% por cada programa oficialmente aprobado e desenvolvido en cada ano polas cooperativas apícolas ou asociacións dentro das actividades ou investimentos das letras a, b, d .do artigo 2º desta orde .

2. Nun 5% os proxectos realizados por apicultores cun número mínimo de 300 colmeas.

3. Nun 5% os proxectos que inclúan a renovación e/ou ampliación das colmeas da explotacións.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Indicar, así mesmo, que no caso da existencia de remanentes noutras liñas de actuación incrementarán o orzamento da liña de actuación información e asistencia técnica.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os peticionarios das axudas presentarán, coa solicitude inicial, unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, agás no caso de expedientes xa iniciados como consecuencia de normas en vigor, en que non se exixirá a antedita declaración.

Segunda.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, BOE número 276, do martes, 18 de novembro de 2003.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL



UNIÓN
EUROPEA
FEOGA



PROCEDEMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: TRANSHUMANCIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG534G	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA OFICINA	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO CONTA
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- XUSTIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN (AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE).
- XUSTIFICACIÓN DA TITULARIDADE DA EXPLOTACIÓN APÍCOLA (CERTIFICACIÓN DO REXISTRO DA EXPLOTACIÓN APÍCOLA).
- XUSTIFICACIÓN DA IDENTIFICACIÓN DAS COLMEAS (DECLARACIÓN XURADA E MODO DE IDENTIFICACIÓN) E NÚMERO DE COLMEAS.
- DNI. CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL E CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA, FOTOCOPIA COMPULSADA DO LIBRO REXISTRO.
- PROGRAMA DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE DESENVOLVER (MEMORIA ONDE FIGUREN DATOS DO APICULTOR, ALVARIZA, DESCRICIÓN DAS OBRAS OU INVESTIMENTOS E FINALIDADE DESTES PARA A MOBILIDADE DAS COLMEAS, FACTURAS PRO FORMA DOS INVESTIMENTOS).
- DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS PARA A REALIZACIÓN DA TRANSHUMANCIA.
- MEMORIA EXPLICATIVA DA REALIZACIÓN DA TRANSHUMANCIA.
- AUTORIZACIÓN DAS OBRAS E DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS.
- USOS ALTERNATIVOS DO REMOLQUE E TEMPO DE UTILIZACIÓN PARA A ACTIVIDADE TRANSHUMANTE.
- XUSTIFICACIÓN DA REPOBOACIÓN DAS ABELLAS.

O que abaixo asina

SOLICITA:

Que lle sexa concedida a axuda establecida na orde do _____ da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de decembro de 2004 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2005.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL



UNIÓN
 EUROPEA
 FEOGA



PROCEDEMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: XERAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG534G	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA OFICINA	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO CONTA
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- EN CASO DE REPRESENTACIÓN: AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE AO ASINANTE DA CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE NA QUE SE ACREDITE O DESENVOLVEMENTO ACTUAL DO CARGO.
- ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE.
- RELACIÓN NOMINAL DE SOCIOS (EN PROGRAMA ACTUALIZADO) CON NIF E NÚMERO DE COLMEAS.
- CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL E CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA.
- PROGRAMA DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE DESENVOLVER.
- COPIA DO CONTRATO COS VETERINARIOS RESPONSABLES DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA SANITARIO.
- XUSTIFICACIÓN DE QUE A MAIOR PARTE DOS VETERINARIOS POSÚEN FORMACIÓN ESPECÍFICA CON DIPLOMA DE VALIDEZ OFICIAL E/OU EXPERIENCIA PROBADA NESTE TIPO DE PROGRAMAS.
- DECLARACIÓN XURADA DE EXCLUSIVIDADE DOS VETERINARIOS.
- XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PUNTO 1) DO ARTIGO 3º.
- XUSTIFICACIÓN DO RECOÑECIMENTO DO LABORATORIO DE ANÁLISE DAS CARACTERÍSTICAS FÍSICO-QUÍMICAS DO MEL.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO LIBRO DE REXISTRO.

O que abaixo asina

SOLICITA:

Que lle sexa concedida a axuda establecida na orde do _____ da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de decembro de 2004 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2005.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		DATA DE EFECTOS
REVISADO E CONFORME		DATA DE SAÍDA

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 POLÍTICA AGROALIMENTARIA
 E DESENVOLVEMENTO RURAL

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<i>RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA</i>	<i>AG534G</i>	<i>AUTORIZACIÓN</i>

AUTORIZO:

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4.c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200 ____.

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 29 de decembro de 2004 pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de guións, para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores ou sexan obras innovadoras.

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, dedica o seu capítulo II ás actividades de fomento do sector audiovisual.

Dada a importancia que ten a actividade profesional que veñen realizando os guionistas desde a base da engranaxe do audiovisual, esta Administración autonómica considéraos un sector profesional que hai que potenciar e por iso estima necesario prestarlles apoio a través desta convocatoria e con esta liña de axudas.

Asemade, en consonancia co espírito recollido na citada lei, e tendo en conta que á Administración autonómica lle corresponde promover e potenciar o ensino do audiovisual e das novas tecnoloxías interactivas, así como a actividade profesional no sector audiovisual, considera necesario colaborar na formación de todos aqueles que se inicien neste sector, mediante a convocatoria de axudas que permitan poñer en práctica as creacións de novos realizadores.

Tamén se considerou a diversidade cultural e de oferta audiovisual que se reflicte desde obras inno-

vadoras para a realización de obras experimentais de decidido contido artístico e cultural, e entre elas, a vídeo-creación, polo que esta Administración autonómica considera necesario prestarlles apoio a eses singulares proxectos, por medio desta convocatoria para esa liña de axudas.

Na súa virtude

DISPOÑO:

I. Bases xerais para a concesión das subvencións.

Artigo 1º.-Obxecto e partida orzamentaria.

Convócanse axudas, mediante réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores ou sexan obras innovadoras.

Polo tanto, para as mencionadas axudas resérvase a cantidade de 200.000 euros que se imputarán ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 10.04.353.B 770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

En relación co establecido no artigo 88 do Tratado CE o réxime de axudas é o previsto no Regulamento (CE) número 69/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE as axudas de mínimis.